

25/4/2022 - 30/5/2022



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Xacobeo 21-22

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE APROBA O CALENDARIO DE RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ PARA O ANO 2023

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O procedemento de renovación dos permisos de explotación para o marisqueo xeral e os recursos específicos a pé están regulados na Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, a Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.

A Resolución do 2 de febreiro de 2021 pola que se ditan normas sobre o cumprimento do requisito da actividade extractiva suficiente no ano 2021 para a renovación das habilitacións para o exercicio do marisqueo e a Resolución do 31 de maio de 2021 que modifica a anterior, modifican o cumprimento do requisito da actividade extractiva suficiente para renovar as habilitacións para o exercicio do marisqueo nos plans de 2021.

En cumprimento do disposto no capítulo III da Orde do 15 de xuño de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé; así como no artigo 17.1 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, esta xefatura territorial,

RESOLVE

Aprobar o calendario que se detalla a continuación para a renovación dos permisos de explotación de marisqueo a pé para o ano 2023, e que se fará de acordo coas instrucións que se remiten como documento anexo a esta resolución.





Confrarías ou entidades asociativas:

Prazo

Confraría de pescadores "Santiago Apóstol" de Carril	Dende o 14/02/2022 ata o 14/03/2022
Confraría de pescadores "Virgen del Rosario" de Vilaxoán	Dende o 14/02/2022 ata o 14/03/2022
Confraría de pescadores "La Pastoriza" de Vilanova de Arousa	Dende o 14/03/2022 ata 25/04/2022
Confraría de pescadores "San Antonio" de Cambados	Dende o 14/03/2022 ata 25/04/2022
Confraría de pescadores "San Xulián" de A Illa de Arousa	Dende o 25/04/2022 ata 30/05/2022
Confraría de pescadores "San Martiño" de O Grove	Dende o 30/05/2022 ata 11/07/2022

Lugar de presentación: Xefatura Comarcal de Vilagarcía de Arousa

Confrarías ou entidades asociativas:

Prazo

Confraría de Pescadores de Pontevedra	Dende o 14/02/2022 ata o 08/04/2022
Confraría de Pescadores de Raxó	Dende o 14/02/2022 ata o 08/04/2022
Confraría de Pescadores de Lourizán	Dende o 14/02/2022 ata o 08/04/2022
Confraría de Pescadores de Aldán	Dende o 14/02/2022 ata o 14/03/2022
Confraría de Pescadores de Portonovo	Dende o 14/02/2022 ata o 14/03/2022

Lugar de presentación: Xefatura Comarcal de Pontevedra



Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte da súa notificación á entidade correspondente, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sonia Lorenzo Santos
Xefa Territorial de Vigo

Asinado por: LORENZO SANTOS, SONIA
Cargo: Xefa Territorial
Data e hora: 07/02/2022 10:30:46

CVE: I7UmT10s89
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



Confrarías ou entidades asociativas:

Prazo

Confraría de Pescadores de Moaña	Dende o 14/02/2022 ata o 08/04/2022
Confraría de Pescadores de A Guarda	Dende o 14/02/2022 ata o 08/04/2022
Confraría de Pescadores de Arcade	Dende o 14/02/2022 ata o 08/04/2022
Confraría de Pescadores de Redondela	Dende o 14/02/2022 ata o 08/04/2022
Confraría de Pescadores de Vigo	Dende o 14/02/2022 ata o 14/03/2022
Confraría de Pescadores de Vilaboa	Dende o 14/02/2022 ata o 08/04/2022
Confraría de Pescadores de Baiona	Dende o 14/02/2022 ata o 08/04/2022
Confraría de pescadores de Cangas	Dende o 14/02/2022 ata o 14/03/2022

Lugar de presentación: Xefatura Territorial de Vigo

Para a súa tramitación, cada solicitude xunto coa documentación acreditativa que se indica no documento de instrucións deberá ser enviada ás xefaturas correspondentes e presentarse directamente ou a través das entidades asociativas do sector. Cada solicitude presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e o artigo 10.1. a) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Esta Resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Vigo e na páxina web: <http://mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e das entidades asociativas do sector.

